



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Organización/delegación da área de servizos sociais e igualdade na concelleira dona Patricia López Ferreiro

ANUNCIO

Delegación da área de servizos sociais e igualdade na concelleira dona Patricia López Ferreiro.

EXPEDIENTE: 2023/G005/000001

Por resolución ditada en data 09 de decembro de 2025, Decreto nº 556/2025, o Sr. Alcalde resolveu :

PRIMEIRO.-Delegar na concelleira Dª Patricia López Ferreiro a área de goberno municipal de Servizos Sociais e igualdade. Tal delegación comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, mais con reserva para esta Alcaldía das atribucións indelegables en relación a aquelas, da representación institucional neses ámbitos, da sinatura de escrituras públicas e convenios, e da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as.

SEGUNDO.-As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro/a.

TERCEIRO.- Nomear cuarta tenente da alcaldía a dona Patricia López Ferreiro, vista a renuncia do cuanto tenente de alcalde.

CUARTO.- Nomear a dona Patricia López Ferreiro como membro da Xunta de Goberno Local (que estará presidida por quen ostente a alcaldía en cada intre) e integrada polo seguintes señores concelleiros/as:

1. Don Óscar Bodelo Gómez
2. Dona Mª. Isabel López Pérez
3. Dona Cristina Casal Diz
4. Dona Patricia López Ferreiro

Nomeados como membros da mesma mediante Decreto 487/2025 do 04 de novembro de 2025.

QUINTO.- Cesar en todas as súas delegacións e atribucións a don Carlos Barbeito Rey ao renunciar el á súa condición de concelleiro.

SEXTO.- De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste Decreto e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

SÉTIMO.-Notificar persoalmente a presente resolución a designada (que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade.

OTAVO.- Dar conta deste decreto ó Pleno municipal na próxima sesión que se celebre

Concello de Carral, 09 de decembro de 2025

O Alcalde

José Luis Fernández Mouriño